XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE SECUNDARIA. Curso 2009/2010 **IES de RODEIRA (CANGAS). Primeiro envío: Decembro 2009.** Profesorado implicado: Salvador Castro Otero: Ámbito lingüístico: Castelán e Galego. Teresa de Jesús Comesaña García: Inglés. Ana Leirós Davila: Galego. María Xosefa Martínez Fernández: Ámbito lingüístico Galego e Castelán. Carmen Soto Cano: Francés. Coordinadora do grupo portfolio.	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	**"Portfolio que?"**
IDIOMAS	x□ GALEGO x□ FRANCÉS □ OUTRAS LINGUAS: x□ CASTELÁN □ ALEMÁN x□ INGLÉS □ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	- Comprensión oral e escrita dos documentos (textos, imaxes, etc) en varias linguas empregados de base das actividades propostas. - Expresión oral e escrita, insistindo na corrección gramatical, a fluidez, a claridade da exposición. - Interacción na aula, en linguas meta ou ambientais, durante a creación de textos propios escritos, en soportes audiovisuais e dixitais. **Os niveis aos que imos desenvolver estes descritores son:** 1º ESO: Francés 1º ESO: A1. Inglés: A1. 3º DIVER: Castelán e Galego: A2-B1.2 4º DIVER: Castelán e Galego:B1-C1 4º Referencia: Francés: A2.2.-B1.1. Galego: B2-C1 Inglés: A2-B1.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	X□ COMPRENDER: X □ comprensión auditiva / X□ comprensión lectora X□ FALAR: □ expresión oral / X□ interacción oral (conversar) X□ ESCRIBIR: □ expresión escrita
OBXECTIVOS	Sensibilizar ao portfolio de linguas é unha tarefa básica que debe ser recorrente en todo o traballo do curso. Neste primeiro trimestre insistiuse en: - Concienciar ao contacto diario con outras linguas e a utilidade do mesmo: as linguas que falamos serven para un mellor coñecemento doutras e a través destas, do mundo. Non podemos ignorar a presenza doutras linguas na nosa vida cotiá. - Insistir na necesidade de adquirir habilidades comunicativas básicas que

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

	permitan a mobilidade xeográfica ou mental: as persoas non permanecen ancoradas nun único lugar ou momento. - Desenvolver actividades vinculadas, principalmente cos distintos apartados da Biografía lingüística. - Crear 'novos' materiais e recursos de reflexión e autoaprendizaxe para arquivar no dossier persoal. **<u>Obxectivos específicos por niveis:</u>** **Primeiro da ESO, 3º e 4º ESO diversificación:** 1.- Reflexionar sobre identidade plurilingüe persoal. (Biografía lingüística: O meu perfil lingüístico). 2.- Traballar a biografía persoal. (Biografía lingüística: Que sei facer coas miñas linguas? Para que me serven?) 3.- Constatar a presenza de elementos culturais e vocábulos doutras linguas europeas na cultura e lingua que se recoñece como propia. (Biografía lingüística. Outras linguas e outras culturas na nosa lingua) 4.-Tomar conciencia da presenza doutras linguas europeas e dos seus contactos. Inferir, relacionar. (Biografía lingüística: " Outras linguas en Europa"). 5.- Entrar en contacto coas diferentes partes do Portfolio Europeo de Linguas. **4º Referencia:** Ademais dos obxectivos indicados para primeiro engádense: 1.- Reflexionar sobre as actividades escolares e extraescolares nas que poden experimentar aprendizaxes lingüísticas. (Biografía lingüística: Que fago para aprender fóra de clase? Como aprendo? Como fixemos/fixen...?) 2.- Reflexionar sobre os diferentes acentos nas miñas linguas ou nas linguas dos demais.
NIVEL	Primeiro da ESO B (francés e inglés). Terceiro e Cuarto de Diversificación: ámbito lingüístico: castelán e galego. 4º ESO B-C, francés. 4º de ESO C, galego. Cuarto de ESO B: inglés.
SECCIÓN DO PEL	X□ BIOGRAFÍA: practicamente todas as actividades de todos os idiomas se inclúen neste apartado**.** X□ PASAPORTE DE LINGUAS (O meu perfil lingüístico, nos seus diferentes formatos. As autoavaliacións diagnósticas). X□ DOSSIER Perfís lingüísticos: pizza lingüística, abano lingüístico, bolboreta lingüística e flores libadas; resultados tanxibles da súa reflexión en actividades como: "en que soño?", "as miñas rutinas diarias. Reflexión sobre as linguas que aprendín" (4º ESO). Traballos puntuais sobre descritores.
PROCEDEMENTO (Actividades)	**<u>1º da ESO:</u>** <u>Biografía lingüística: Autobiografía:</u> "O meu perfil lingüístico". 1.- Actividade conxunta de motivación ás linguas. 2.- Traballo colectivo previo á elaboración do perfil lingüístico persoal. Individual e oral.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

3.- *"A pizza lingüística"*. Gárdase no dossier.
Biografía lingüística: Que sei facer coas miñas linguas? Para que me serven?: Reflexión oral e conxunta.

Biografía lingüística: Outras linguas. As linguas, compartimentos estancos?
1.- *50 aniversario de Astérix*: Astérix e os alfabetos, as linguas europeas de Astérix, Astérix e a Península Ibérica, Astérix e as linguas da Galia. Traballo con portadas e textos.
2.- *"Astérix est une b.d."*. Traballo de dedución e inferencia de linguas.
3.- *"They son tolos, ces étudiants"* Descricións políglotas de personaxes das bandas deseñadas de Astérix.
4.- *"A bolsa de lixo bilingüe ou políglota"* Fase de selección de material para traballo ao longo do curso.

3º Diversificación:

Biografía lingüística: Outras linguas en Europa.
1.- *"As linguas rodéannos"*

1.1.- Por grupos os alumnos recollen:
a.- Textos ou vocábulos ingleses que aparezan no fogar ou nos lugares que frecuentan: ON, OFF, PLAY, etc.
b.- Anuncios publicitarios onde a lingua prioritaria do lema sexa o francés.
c.- Exemplos doutras linguas na vida cotiá: portugués, italiano, etc.
d.- Lemas das camisetas que eles usan.

1.2.- Tamén por grupos pero cunha composición diferente realizan unha presentación en PowerPoint, na que utilizan músicas de todas as linguas empregadas, cos textos e imaxes recollidas.

1.3.- Teñen que crear finalmente unha obra conxunta dando unidade ao que acaban de elaborar por separado.

Biografía lingüística. Outras linguas e outras culturas na nosa lingua.
2.- *"As linguas acompáñannos e catapúltannos"*.

2.1.- Procuramos similitudes no léxico de distintas linguas. (Reflexionamos de paso sobre os falsos amigos).

2.2.- Incidimos na relación entre galego e portugués e na importancia do primeiro para a comprensión do segundo mediante a audición de cancións, entrevistas e outros materiais.

Biografía lingüística: Outras linguas. As linguas, compartimentos estancos?
3.-*"As linguas ábrenme a mente cara ao diferente"*.

3.1.- Entregamos aos alumnos unhas copias dos alfabetos árabe, hebreo e

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

grego. Explicámoslle brevemente as súas características e a orde de escritura dos mesmos. Invitámolos logo a que escriban o seu nome en cada un dos alfabetos.

3.2.- Proporcionámoslle exemplos de ideogramas chineses, explicamos o significado de algúns para que vexan a súa orixe e funcionamento. A continuación repártense unhas follas con nomes para os que deberán crear ideogramas. Unha vez creados poñeranse en común e extraeranse os trazos comúns para a creación dos ideogramas de clase.

4º Diversificación e Galego no grupo de 4º de referencia:

-O texto *"O problema da lingua"* de Antón Villar Ponte serve para enlazar os contidos da materia do grupo de Referencia cos de sensibilización ao Portfolio.

Biografía lingüística. Outras linguas e outras culturas na nosa lingua:
- Que outras linguas se falan ao meu arredor?: unha reflexión sobre o plurilingüísmo. Vemos a película *Una casa de locos*. Tomamos nota por escrito sobre as situacións lingüísticas e de intercambio cultural que presenta como base para un posterior debate oral. Elaboramos un texto escrito sobre a comunicación e as linguas.

Biografía lingüística: O meu perfil lingüístico.
Repasamos os abanos lingüísticos feitos o curso pasado.
- Que sabemos facer en portugués (ler, falar, escoitar, escribir, conversar)?
Pode estar o portugués no noso pasaporte lingüístico sen telo estudado nunca partindo dos nosos coñecementos de galego?

- Vivimos a experiencia de escoitar falar en portugués e reflexionamos sobre ela. Probamos a ler, falar e escribir en portugués.
Actividade: Visita ao centro de "Fabinho Jordão", brasileiro profesor de capoeira que explica ao alumnado, falando en portugués-brasileiro, as orixes e o desenvolvemento desta expresión cultural de danza e loita. Acompáñano rapaces e rapazas de diferentes idades que fan unha pequena exhibición e invitan ao alumnado a participar.

Na aula establecemos un debate sobre a nosa capacidade de comprensión do portugués. Comentamos as semellanzas e diferenzas entre galego, portugués e brasileiro partindo dunha pequena entrevista gravada o día da actividade sobre capoeira. Tentamos escribir algunha frase da entrevista. Explicamos a orixe común de galego e portugués facendo un repaso dos feitos históricos. Rematamos buscando na rede un mapamundi dos países que teñen o portugués como lingua.

Reforzamos esta experiencia con testemuñas de galegos que andan polo mundo tiradas da páxina www.ogalegoeutil.es e de ex-alumnos do instituto. Comentamos experiencias propias.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

Levamos á clase un texto en portugués e aplicamos os coñecementos aprendidos. Rematamos anotando a experiencia vivida na nosa biografía lingüística. En función do reflexionado, decidimos se o portugués pode ou non figurar no noso pasaporte lingüístico.

4º ESO:

Francés e Inglés:

Biografía lingüística: Autobiografía

"En que lingua soño?"

0.- Formulación da pregunta: 'cando soñas, en que lingua o fas?'

1.- O alumnado reflexiona individualmente sobre a lingua dos seus soños.

2.- Comparten as súas realidades con todo o grupo.

"Se o penso: que linguas me rodean nas miñas rutinas diarias?"

1.- Reflexión individual e colectiva sobre as linguas da casa, do centro e do pobo. Todas as linguas teñen o mesmo valor.

2.- O alumnado cobre de xeito individual o cadro de *'As miñas rutinas diarias e as miñas linguas'*.

3.-O meu perfil lingüístico: *"O abano chinés" e "A bolboreta lingüística"*. Traballo con fase individual e colectiva.

Biografía lingüística: Que sei facer coas miñas linguas? Para que me serven?: Cadro de reflexión escrita *("As flores que eu libo"* e/ou traballo oral sobre actividades realizadas nas diversas linguas, na actualidade e plans de futuro).

Biografía lingüística: As miñas linguas, compartimentos estancos?"

- *"Moi et le monde"*. Webquest sobre o nome e os apelidos
- *"Nous sommes en 50"*. Traballo de dedución e inferencia de linguas.
-*" Astérix, une b.d. plurilangue"*. Escribir unha folla dunha banda deseñada políglota.
-*'Son un paquete de cereais, hoxe fabrícanme aquí, e mañá?, onde me comprarán?"* Actividade oral de interacción na aula.

Biografía lingüística: Outras linguas:

"Adiviña en que lingua escribo". Actividade realizada de dúas maneiras:

1.- Traballo sobre alfabetos, linguas de Europa coas tiras de cómic de Astérix e mais coas portadas.

2.- Traballo sobre a lectura obrigatoria do curso.

a.- Grupos de dous introducindo a obra que van ler neste curso.

b.- Pequeno cuestionario que inclúe preguntas de reflexión sobre as linguas presentes, de comprensión, de coñecementos lingüísticos, de dedución.

Biografía lingüística. Que aprendín e que me axudou a aprendelo?

"Como me axuda a publicidade, as cancións, os títulos das series e películas, os nomes das personaxes?" Aprendendo fóra da aula. Actividade de

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

	interacción oral na aula. As linguas non son homoxéneas: *"Unha lingua ou varias linguas"*. 1.- Astérix e linguas peninsulares ou as linguas da Galia coas tiras de cómic. 2.- EPO, Les luthiers, Voulzy, Noah, Adamo, Magic System, Zebda... En desenvolvemento. Pasaporte: Actividades de avaliación de destrezas.
AVALIACIÓN: Seguimento	Existe observación e/ou control do docente durante as tarefas así como selección das avaliables. Solicítase que os alumnos sexan activos en todas as fases da aprendizaxe: propoñen material, realizan as actividades e avalíanas xunto co profesor/a, de acordo a criterios previamente coñecidos. Na avaliación valórase a participación nas actividades, o proceso, a consecución dos obxectivos.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	Algúns alumnos ven as actividades como non- aprendizaxe ou amosan un rexeitamento cara as linguas, requirindo coloquios nos que se incide no interese do que se realiza e insístese nos progresos. Malia o anteriormente dito, as respostas son en xeral positivas, xa que a maioría recoñece que nunca se parara a pensar no número de linguas ao seu redor, nas posibilidades de acceso a outros idiomas grazas aos que xa coñecen e que son da mesma familia, nin na posibilidade de mellorar os seus coñecementos fóra do contexto educativo e, mesmo nalgúns casos, mellora na confianza neles mesmos pois chegan a decatarse de que son quen de aprender de xeito "natural" parte da riqueza doutros códigos lingüísticos.